

Nome do Centro: I.E.S. Val Miñor, Nigrán

Área de Inglés

Curso escolar 2012/13

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Xefe/a de Departamento: Susana Laschuetza Ganteaume

Composición do departamento didáctico

Saiz Alonso,Jaime
Profesor de Ensino Secundario

Carlos Gómez García
Profesor de Ensino Secundario

Laschuetza Ganteaume,Susana
Profesora de Ensino Secundario

e) Número de grupos :16

f) Reunións de departamento :Xoves 3ª hora

ÍNDICE

ESO

1. Criterios de cualificación para o 1º e 2º ciclo da ESO....p.2
2. Contribución da materia de lingua estranxeira a adquisición das competencias básicas na ESO.....p.3
3. Obxetivos para os cursos da ESO.....p.4
4. Contidos para os cursos da ESO.....p.5
5. Criterios de avaliación para a ESO.....p.20
6. Mínimos exixibles na ESO.....p.21
7. Avaliación e promoción na ESO.....p.23
8. Procedementos para a realización da avaliación inicial na ESO.....p.23
9. Planes de traballo para a superación de materias pendentes na ESO.p.23
10. Programas específicos para o alumnado repetidor na ESO.....p.24

1º E 2º BACHARALATO

1. Actividades de seguimento das materias pendentes no BAC.....p.24

1º DE BACHARALATO

1. Criterios de cualificaciónp.24
2. Metodoloxía didáctica.....p.25
3. Contidos xerais de 1º de BAC.....p.26
4. Criterios de avaliaciónp.29
5. Mínimos exixibles.....p.30

2º DE BACHARALATO

1. Criterios de cualificaciónp.30
2. Contidos e obxetivos das diferentes unidades didácticas en 2º BAC.....p.31
3. Criterios de avaliaciónp.40
4. Mínimos exixibles no 2º BAC.....p.40

PARA TODOS OS CURSOS

1. Atención a diversidade.....p.41
2. Programación de educación en valores.....p.41
3. Accións previstas de acordo co plan lector.....p.41
4. Materiais e recursos didácticos.....p.42
5. Actividades complementarias e extraescolares.....p.42
6. Accións de contribución ao plan TIC.....p.43
7. Acción de contribución ao plan de convivencia.....P.43
8. Criterios para avaliar a propia programaciónp.44

INGLÉS COMO SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRAp .44

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA 1º E 2º CICLO DA ESO

A nota final de avaliación virá dada polos seguintes aspectos:

- 70% exámes teóricos
- 10% actitude e atención na clase
- 10% cuestións orais
- 10% deberes y traballos asignados polo profesor

En cada avaliación obterase a media das notas dos exámes realizados. Teranse en conta, asimesmo o esforzo, interese e actitude e especialmente o feito de traer realizadas debidamente as tarefas asignadas polo profesor. Vixiarase que os alumnos realicen los ejercicios de Workbook que lles asigne o profesor.

Os alumnos que non aprobaran unha avaliación poderán recuperar aprobando a seguinte se demuestran, en posteriores exámes ter recuperado a parte do temario non superada na avaliación anterior.

Temporalización:

- . 1ª Avaliación: Setembro, Outubro, Novembro, Decembro- Introduction e Temas 1, 2 y 3do libro de texto e do Workbook
- . 2ª Avaliación: Decembro, Xaneiro, Febreiro, Marzo - Temas 4, 5 y 6 do libro de texto e do Workbook
- . 3ª Avaliación: Marzo, Abril, Maio, Xuño - Temas 7, 8 y 9 do libro de texto e do Workbook.

Os exames de avaliación constarán de cinco partes e ao rematar cada lección procederá a examinar aos alumnos sobre os contidos impartidos da mesma distribuindo a puntuación da maneira seguinte:

- Reading:20%
- Vocabulary: 20%
- Grammar:30%
- Writing :10%
- Listening:10%
- Speaking:10%

Para aprobar a asignatura en xuño é necesario ter todas as avaliacións aprobadas ou no seu defecto, todas as partes suspensas recuperadas, polo que os últimos exames da materia serán os máis importantes para visualizar a evolución do alumno/a ao longo do curso.

Se un alumno aproba a 3º avaliación, enténdese que recuperou a 1ª e a 2ª e polo tanto aproba a asignatura.

. Convocatoria extraordinaria de Setiembre: un examen compendio da materia impartida durante o curso

Constará de tres partes:

- Vocabulary-20%
- Grammar-40%
- Reading-40%

CONTRIBUCIÓN DA MATERIA DE LINGUA ESTRANXEIRA Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIA BÁSICAS NA ESO

Competencia en comunicación lingüística, ao completar, enriquecer e achegar novos matices comprensivos e expresivos a esta capacidade comunicativa xeral. Unha aprendizaxe da lingua estranxeira baseada na mellora de habilidades comunicativas contribuirá ao desenvolvemento desta competencia básica no mesmo sentido en que o fai a primeira lingua. A contribución da lingua estranxeira ao desenvolvemento desta competencia é primordial no discurso oral ao adquirir as habilidades de escoitar, falar e conversar. Así mesmo, a aprendizaxe da lingua estranxeira mellora a competencia comunicativa xeral ao potenciar a habilidade para expresarse oralmente e por escrito.

Competencia para aprender a aprender, ao facilitar ou completar a capacidade dos alumnado para interpretar ou representar a realidade e, así, construír coñecementos, formular hipóteses e opinións e expresar e analizar sentimentos e emocións. Por outra banda, a competencia para aprender a aprender ten enormes beneficios se se inclúen contidos directamente relacionados coa reflexión sobre a propia aprendizaxe. Esa é a razón da inclusión no currículo dun apartado específico de reflexión sobre a propia aprendizaxe. O Aplicación de estratexias diversas de aprender a aprender prepara o alumnado de forma progresiva na toma de decisións que favorecen a autonomía para utilizar e seguir aprendendo a lingua estranxeira ao longo da vida.

Competencia social e cidadá, ao favorecer o respecto, o interese e a comunicación con falantes doutras linguas e o recoñecemento e a aceptación de diferenzas culturais e de comportamento. O intercambio de información persoal axuda a reforzar a identidade dos interlocutores. Por outra banda, en lingua estranxeira é especialmente relevante o

traballo en grupo e en parellas xa que, a través destas interaccións, apréndese a participar, a expresar as ideas propias e a escoitar as dos demais, poténciase a habilidade para construír diálogos, negociar significados, tomar decisións valorando as achegas dos compañeiros/as, conseguir acordos e, en definitiva, favorécese aprender dos demais e cos demais.

Competencia en tratamento da información e competencia dixital, ao acceder de xeito sinxelo e inmediato á información que se pode atopar nesta lingua, á vez que ofrece a posibilidade de comunicármonos utilizándoa. Ademais, facilita a comunicación persoal a través do correo electrónico en intercambios con xuventude doutros lugares e, o que é máis importante, crea contextos reais e funcionais de comunicación. Este uso cotián contribúe directamente ao desenvolvemento desta competencia.

Competencia artística e cultural, ao incluír un achegamento a manifestacións culturais propias da lingua e dos países nos que se fala e propiciar unha aproximación a obras ou autores que contribuíron á creación artística. Así mesmo, a área contribúe ao desenvolvemento desta competencia se se facilita a expresión de opinións, gustos e emocións que producen as diversas manifestacións culturais e artísticas e se se favorecen os traballos creativos individuais e en grupo, como a realización e representación de simulacións e narracións.

Competencia autonomía e iniciativa persoal, ao fomentar o traballo cooperativo na aula e o manexo de recursos persoais e habilidades sociais de colaboración e negociación, o que supón poñer en funcionamento determinados procedementos que permiten o desenvolvemento de iniciativas e a toma de decisións na planificación, organización e xestión do traballo, propiciando así a autonomía e a iniciativa persoal.

-OBXETIVOS PARA OS CURSOS DA ESO

- 1º- escoitar e comprender información xeral e a específica de textos orais en situacións comunicativas variadas, adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.
- 2º- Expresarse e interactuar oralmente en situacións habituais de comunicación de modo comprensíbel, adecuado e con certo nivel de autonomía.
- 3º- Ler e comprender diversos textos dun nivel adecuado ás capacidades e intereses do alumnado co fin de extraer información xeral e específica e utilizar a lectura como fonte de pracer e de enriquecemento persoal.
- 4º- Escribir textos sinxelos con finalidades diversas sobre distintos temas, utilizando recursos adecuados de cohesión e de coherencia.
- 5º- Utilizar con corrección os compoñentes fonéticos, léxicos, estruturais e funcionais básicos da lingua estranxeira en contextos reais de comunicación.
- 6º- Desenvolver a autonomía na aprendizaxe, reflexionar sobre os propios procesos de aprendizaxe e transferir á lingua estranxeira coñecementos e estratexias de comunicación adquiridas noutras linguas.

7º- Utilizar estratexias de aprendizaxe e todos os medios ao seu alcance, incluídas as tecnoloxías da información e da comunicación, para obter, seleccionar e presentar información oralmente e por escrito.

8º- Apreciar a lingua estranxeira como instrumento de acceso á información e como ferramenta de aprendizaxe de contidos diversos.

9º- Valorar a lingua estranxeira e as linguas en xeral, como medio de comunicación e de entendemento entre persoas de procedencias, linguas e culturas diversas evitando calquera tipo de discriminación e de estereotipos lingüísticos e culturais.

Obxetivos para 1º curso da ESO

Obxetivos de aprendizaxe

Listening:

- escoitar de xeito comprensivo unha conversación sobre calquera de estos temas. Información persoal, descripción de animais, actividades domésticas, preparación de comida, plans para a fin de semana, vacacións...
- Speaking
- Saber saudar e presentarse e falar sobre a habilidade para practicar diversos deportes, sobre gustos e preferencias, sobre animais, intercambiar información personal, falar sobre o pasado e facer plans para o futuro.
- Writing
- Utilizar correctamente os pronomes posesivos.
- Utilizar correctamente o verbo **to be**.
- a forma afirmativa do *Present Simple*.
- correctamente Utilizar correctamente os adverbios de frecuencia.
- Utilizar correctamente o xenitivo saxón.
- Utilizar correctamente o *Present Simple* nas súas formas negativa e interrogativa.
- Utilizar correctamente o *Present Continuous* e comparalo e diferencialo do *Present Simple*.
- Utilizar correctamente **a, an, some, any** e **there is / there are**.

- Utilizar correctamente o pasado dos verbos regulares e irregulares, os conectores de secuencia e os demostrativos.
- Expresar obrigación e prohibición. Utilizar correctamente **can / can't** e **must / mustn't**.

Obxetivos para 2º curso da ESO

Obxetivos de aprendizaxe

Listening

- escoitar de xeito comprensivo una conversación sobre: a escola noutros países, a linguaxe corporal, feitos pasados, pedir e consello, comidas típicas e modais na mesa...
- Speaking

- Ser quen de intercambiar información persoal, expresar gustos e preferencias e falar sobre rutinas diarias,
- Describir accións que teñen lugar no momento de falar.
- Falar de accións pasadas e expresar opinións
- Falar sobre o tempo
- Writing
- Utilizar correctamente o Present Simple e as partículas interrogativas
- Utilizar correctamente o Present Continuous e os artigos e cuantificadores.
- Utilizar o Past Simple tamén en negativa e interrogativa
- Utilizar correctamente o Past Continuous.

Obxetivos para 3º da ESO

Listening and reading

Escoitar de xeito comprensivo varias palabras de repaso relacionadas coas partes do corpo, a familia, os animais, a roupa, o mobiliario, os artigos para o fogar, as partes da casa, os lugares e os medios de transporte. Tamén conversacións sobre menús de restaurante, plans para festas, conversacións en un museo, sobre viaxes o outras situacións cotidianas

- Leer de forma comprensiva artigos de opinión, artigos sobre tendencias ,posters, folletos con explicacións ,anuncios etc
- Speaking
- Falar de rutinas e expresar accións en progreso. Utilizar correctamente a linguaxe para peticións e expresar suxestións ,para responder a peticións e facer comparacións . Ser capaz de utilizar a linguaxe para expresar emocións e describir accións no pasado. Utilizar correctamente a linguaxe para dar **consello e pedir** opinións .Tamén para falar sobre plans e facer predicións.
- Writing
- Utilizar correctamente o *Present Simple*, o *Present Continuous* e as expresións temporais que os acompañan. Contrastar o *Present Simple* e o *Present Continuous*.
- adxectivos en grao comparativo e superlativo.
- Utilizar as estruturas as ... as, too ..., / (not) ... enough
- Utilizar correctamente o *Past Simple* e as expresións temporais que o acompañan.
- Utilizar correctamente o *Past Continuous* .
- Contrastar o *Past Simple* e o *Past Continuous* .
- Utilizar correctamente os modais: **should, must, can, could** e **have to** en afirmativa, negativa, interrogativa e as respostas breves.
- Utilizar correctamente o futuro con **will, be going to**, o *Present Continuous* con valor de futuro, as expresións temporais que os acompañan e o primeiro condicional.
- Obxetivos para 4º da ESO
- Listening
- Escoitar de xeito comprensivo conversacións sobre : viaxe, delitos, medicamentos, profesións, plans para o futuro, discusións sobre o medio mabiente

etc. E poder facer unha lectura autónoma de textos relacionados cos seus intereses.

- Speaking
- Asimilar as formulas e expresións relacionadas co vocabulario de cada lección e utilízalas correctamente . Este vocabulario refírese a viaxes, falar do pasado, expresar acordo e desacordo, facer recomendacións, falar de algo en proceso, facer predicións etc.
- Writing
- Uso e repaso de Present Simple e do Present Continuous e das expresións temporais que os acompañan.
- Uso do Past Simple e as expresións temporais que o acompañan.
- Uso do Past Continuous e contrastar ambos pasado Past Simple e Past Continuous.-
- Utilizar correctamente o Present Perfect es as expresións temporais que o acompañan. Contraste entre o Past Simple e o Present Perfect.
- Utilizar correctamente o futuro con will /be going to/ present continuous con valor de futuro.
- O estilo indirecto
- Os modais
- Adxetivos en grado comparativo e superlativo.

CONTIDOS PARA OS CURSOS DA ESO

Contidos do primeiro curso da ESO

Os contidos preséntanse agrupados en bloques en relación a tres eixos con características e necesidades específicas en canto ao proceso de ensino e de aprendizaxe:

As habilidades lingüísticas

bloque 1: *Escoitar, falar e conversar*

bloque 2: *Ler e escribir*

Os elementos constitutivos do sistema lingüístico, o seu funcionamento e relacións

bloque 3: *Coñecemento da lingua*

A dimensión social e cultural da lingua estranxeira

bloque 4: *Aspectos socioculturais e conciencia intercultural*

Bloque 1: Escoitar, falar e conversar

Nesta etapa dáselle unha importancia relevante á comunicación oral. Por esa razón o primeiro bloque céntrase en fomentar no alumnado a capacidade para interactuar nestas situacións, incidindo na importancia de que o modelo lingüístico oral de referencia proveña dun variado número de falantes, co fin de recoller as variacións e os matices. De aí a forte presenza no currículo do uso dos medios audiovisuais convencionais e das tecnoloxías da información e da comunicación.

Bloque 2: Ler e escribir

Este bloque incorpora os procedementos necesarios para desenvolver a competencia discursiva no uso escrito.

Bloque 3: Coñecemento da lingua

Permite a elaboración dun sistema conceptual cada vez máis complexo acerca do funcionamento da lingua, a través da observación das manifestacións orais e escritas da lingua que se está aprendendo e do seu uso en situacións de comunicación. O punto de partida serán as situacións de uso que favorezan a inferencia de regras de funcionamento da lingua e que permitan que o alumnado estableza os elementos da lingua estranxeira que se comportan coma nas linguas que coñecen. Do mesmo xeito, terán que establecer estratexias que lles permitan progresar nas súas aprendizaxes, co obxectivo de que afiancen as súas propias capacidades.

Bloque 4: Aspectos socioculturais e conciencia intercultural

Os contidos deste bloque contribúen a que o alumnado coñeza os costumes, formas de relación social, trazos e particularidades dos países nos que se fala a lingua estranxeira.

BLOQUE 1. ESCOITAR, FALAR E CONVERSAR

- Audición e comprensión de breves mensaxes orais relacionadas coas actividades da aula: instrucións, preguntas, comentarios, diálogos.
- Anticipación do contido xeral do que se escoita con apoio de elementos verbais e non verbais.
- Obtención de información específica de textos orais sobre diferentes nacionalidades, rutinas, unha páxina web para adolescentes, a descrición dun animal, planificar as comidas, unha conversación sobre un pedido a un restaurante, as regras do baloncesto, roupa, plans de futuro, etc.
- Uso de estratexias básicas de comprensión das mensaxes orais: uso do contexto verbal e non verbal e dos coñecementos previos sobre a situación.
- Produción de textos orais curtos, con estrutura lóxica e con pronuncia adecuada.
- Participación en conversacións breves e sinxelas dentro da aula e en simulacións relacionadas cos saúdos e as presentacións, intercambios de información persoal, intereses e gustos persoais, actividades habituais e en curso, comidas, habilidades, obrigacións e prohibicións, accións pasadas, plans de futuro, etc.
- Emprego de respostas adecuadas ás informacións requiridas polo profesor/a e polos compañeiros/as nas actividades da aula.
- Aplicación de estratexias para superar as interrupcións na comunicación, facendo uso de elementos verbais e non verbais para expresarse oralmente en

actividades de parella e en grupo: demanda de repetición e aclaración entre outras.

BLOQUE 2. LER E ESCRIBIR

- Comprensión de instrucións básicas para a correcta resolución de actividades.
- Comprensión xeral e identificación de informacións específicas en diferentes textos sinxelos, auténticos e adaptados, en soporte papel e dixital, sobre coleccionistas de postais, a familia Jolie-Pitt, a xeografía europea, o colexio en Xapón, unha páxina web para adolescentes, os diferentes modos de medición do tempo ao longo da Historia, a adopción de animais en perigo de extinción, a cadea alimentaria, vivendas diminutas, unha crítica dun libro, os distintos tipos de vivendas ao longo do mundo, unha guía de televisión, competicións tecnolóxicas, as antigas Olimpíadas, a historia de Londres, disfraces famosos, etc.
- Iniciativa para ler con certa autonomía textos adecuados á idade, intereses e nivel de competencia tales como historias ilustradas con fotografías, artigos de revistas, páxinas web, anuncios, correos electrónicos, diálogos, cancións, etc.
- Uso de estratexias básicas de comprensión lectora: identificación do tema dun texto con axuda de elementos textuais e non textuais, uso dos coñecementos previos, inferencia de significados polo contexto, por comparación de palabras ou frases similares nas linguas que coñecen.
- Recoñecemento dalgúñas das características e convencións da linguaxe escrita e diferenciación da linguaxe oral.
- Mellora da expresión escrita de forma guiada, por exemplo, ordenando os elementos dunha frase, engadindo as maiúsculas e os signos de puntuación, utilizando conxuncións e conectores de secuencia temporal en parágrafos sinxelos e corrigindo erros.
- Relación do vocabulario da unidade coa súa categoría correspondente.
- Composición de textos curtos dando información persoal, describindo as actividades favoritas de cinco amigos, elaborando unha adiviña, a descrición dunha fotografía ou debuxo, unha crítica gastronómica, a descrición da propia cidade e escribindo normas e regras. Utilizaranse elementos básicos de cohesión, con diversas intencións comunicativas, a partir de modelos e utilizando as estratexias máis elementais co proceso de composición escrita (planificación, textualización e revisión).
- Uso da orde correcta das palabras nas frases, as maiúsculas, os signos de puntuación, as conxuncións e os conectores de secuencia e recoñecemento da súa importancia nas comunicacións escritas.
- Interese por coidar a presentación dos textos escritos en soporte papel e dixital.

BLOQUE 3. COÑECIMENTO DA LINGUA

Coñecementos lingüísticos:

Elementos morfolóxicos

- Identificación de elementos morfolóxicos básicos e habituais no uso da lingua.

Léxico / Vocabulario

- Relacionado cos temas tratados: números e cores, días e meses, material escolar, países, nacionalidades e membros da familia, rutinas e actividades de tempo libre, animais e partes do corpo, cuartos da casa, móbeis e tarefas do fogar, comida, bebida e sentimentos, deportes e verbos de acción, lugares do barrio e preposicións de lugar, roupa e adxectivos, medios de transporte e xeografía, partes do corpo, natureza e móbeis.
- Fórmulas e expresións correspondentes ás funcións e temas tratados no curso.

Estrutura e funcións da lingua

- Uso da linguaxe que se utiliza na clase: instrucións e preguntas. O verbo to be; as partículas interrogativas (unidade de introdución).
- Saúdos e presentacións. Intercambio de información persoal. Have got; os pronomes posesivos; uso das maiúsculas (unidade 1).
- Expresión de rutinas e de accións. O *Present Simple*, os adverbios de frecuencia e as expresións temporais que o acompañan; o xenitivo saxón (unidade 2).
- Intercambio de información e descricións. O *Present Simple* en afirmativa e interrogativa; uso correcto da puntuación (unidade 3).
- Expresión de accións en curso e descricións. O *Present Continuous* e as expresións temporais que o acompañan; contraste entre o *Present Simple* e o *Present Continuous*; a orde de palabras na frase (unidade 4).
- Expresión de gustos e preferencias. Fórmulas para pedir comida. There is / there are; os nomes contábeis e non contábeis; a, an, some, any; a orde dos adxectivos na frase (unidade 5).
- Expresión de habilidade, obrigaón e prohibición. Can; must / mustn't; adverbios de modo e de intensidade. As conxuncións and, but e because (unidade 6).
- Narración de accións pasadas. O verbo to be en pasado e as expresións temporais que o acompañan; there was / there were; as normas de puntuación (unidade 7).
- Narración de accións pasadas. O *Past Simple* e as expresións temporais que o acompañan; os pronomes demostrativos; os conectores de secuencia first, then, next e finally (unidade 8).
- Expresión de plans futuros e intencións. O futuro con be going to e as expresións temporais que o acompañan; o *Present Continuous* con valor de futuro; os erros nos textos escritos (unidade 9).

Fonética

- Pronuncia de sons de especial dificultade: /i:/ /I/ (unidade 1).
- Pronuncia da terminación dos verbos na 3ª persoa singular do presente: /s/, /z/ e /iz/ (unidade 2).
- A entoación das oracións: o ritmo (unidade 3).
- Pronuncia da terminación ing dos verbos en *Present Continuous* (unidade 4).
- Pronuncia da forma débil de some (unidade 5).
- Pronuncia da forma débil can (unidade 6).
- Pronuncia das formas débiles de was e were (unidade 7).
- Pronuncia da terminación ed dos verbos regulares en pasado: /d/, /t/ e /id/ (unidade 8).

- A acentuación das palabras (unidade 9).

Contidos do segundo curso da ESO

Os contidos preséntanse agrupados en bloques, en relación a tres eixes con características e necesidades específicas en canto ao proceso de ensino e de aprendizaxe:

As habilidades lingüísticas

bloque 1: *Escoitar, falar e conversar*

bloque 2: *Ler e escribir*

Os elementos constitutivos do sistema lingüístico, o seu funcionamento e relacións

bloque 3: *Coñecemento da lingua*

A dimensión social e cultural da lingua estranxeira

bloque 4: *Aspectos socioculturais e conciencia intercultural*

Bloque 1: Escoitar, falar e conversar

Nesta etapa dáselle unha importancia relevante á comunicación oral. Por esa razón o primeiro bloque céntrase en fomentar no alumnado a capacidade para interactuar nestas situacións, incidindo na importancia de que o modelo lingüístico oral de referencia proveña dun variado número de falantes, co fin de recoller as variacións e os matices. De aí a forte presenza no currículo do uso dos medios audiovisuais convencionais e das tecnoloxías da información e da comunicación.

Bloque 2: Ler e escribir

Este bloque incorpora os procedementos necesarios para desenvolver a competencia discursiva no uso escrito.

Bloque 3: Coñecemento da lingua

Permite a elaboración dun sistema conceptual cada vez máis complexo acerca do funcionamento da lingua, a través da observación das manifestacións orais e escritas da lingua que se está aprendendo e do seu uso en situacións de comunicación. O punto de partida serán as situacións que favorezan a inferencia de regras de funcionamento da lingua e que permitan que o alumnado estableza os elementos da lingua estranxeira que se comportan coma nas linguas que coñecen. Do mesmo xeito, terán que establecer estratexias que lles permitan progresar nas súas aprendizaxes, co obxectivo de que afiancen as súas propias capacidades.

Bloque 4: Aspectos socioculturais e conciencia intercultural

Os contidos deste bloque contribúen a que o alumnado coñeza os costumes, formas de relación social, trazos e particularidades dos países nos que se fala a lingua estranxeira.

BLOQUE 1. ESCOITAR, FALAR E CONVERSAR

- Audición e comprensión de mensaxes emitidas dentro da aula relacionadas coas actividades habituais: instrucións, preguntas, comentarios, diálogos.
- Obtención de información xeral e específica de textos orais sobre cousas que gustan ou non gustan, un curso culinario, os adolescentes noutras partes do mundo, a descrición de situacións, a linguaxe corporal, como entender os cans, os gustos musicais, un experimento musical, un blog persoal, a descrición de películas, os castelos e a Idade Media, formas de facer suxestións, os costumes na mesa e formas de almorzar en distintas partes do mundo, letras de cancións, etc., con apoio de elementos verbais e non verbais. Dedución do significado dalgunhas palabras e/ou expresións a través do contexto.
- Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais: uso do contexto verbal e non verbal e dos coñecementos previos sobre a situación, identificación de palabras clave, identificación da intención do falante, etc.
- Producción oral de descricións, narracións e explicacións breves con estrutura lóxica e pronuncia adecuada.
- Participación en conversacións e simulacións relacionadas coa linguaxe da clase, a descrición de rutinas e a expresión de preferencias, a descrición de accións, a compra dun CD, a comparación entre pasado e presente, o tempo, etc., con pronuncia e entoación adecuadas para lograr a comunicación.
- Emprego de respostas adecuadas en situacións de comunicación na aula.
- Desenvolvemento de estratexias de comunicación para superar as interrupcións na comunicación e para iniciar e concluír intercambios comunicativos.

BLOQUE 2. LER E ESCRIBIR

- Anticipación do contido antes e durante a lectura de textos sinxelos.
- Comprensión da información xeral e específica en diferentes textos, en soporte papel e dixital, auténticos e adaptados, sobre as clases de comida en Estados Unidos, os diferentes tipos de colexio noutros países, a historia da escritura, a linguaxe corporal, como entender os cans, experimentos con ratos, un festival de música, os Beatles, a lenda do rei Arturo, os castelos na Idade Media, etc.
- Iniciativa para ler de forma autónoma textos de certa extensión tales como obras de teatro, novelas, cómics, cancións, etc.
- Uso de estratexias de comprensión lectora: identificación do tema dun texto, con axuda de elementos textuais e non textuais; utilización dos coñecementos previos sobre o tema; inferencia de significados polo contexto, por elementos visuais, por comparación de palabras ou frases similares nas linguas que coñecen.
- Recoñecemento e iniciación no uso dalgunhas fórmulas que diferencian a linguaxe formal e informal nas comunicacións escritas.

- Composición de distintos textos, con axuda de modelos, dando información sobre unha viñeta, unha crítica dun libro, unha receita de cociña, unha postal desde un lugar de vacacións, etc. Utilizaranse elementos básicos de cohesión e estratexias elementais no proceso de composición escrita (planificación, textualización e revisión).
- Comunicación persoal con falantes da lingua estranxeira a través de correspondencia postal ou utilizando medios informáticos.
- Uso da orde correcta das palabras nas oracións, as maiúsculas, os signos de puntuación, as conxuncións e os conectores de secuencia, a organización adecuada das ideas a desenvolver, e valoración da súa importancia nas comunicacións escritas.
- Interese pola presentación coidada dos textos escritos, en soporte papel e dixital.

BLOQUE 3. COÑECEMENTO DA LINGUA

Coñecementos lingüísticos:

Elementos morfolóxicos

- Identificación de elementos morfolóxicos básicos e habituais no uso da lingua.

Léxico / Vocabulario

- Relacionado cos temas tratados: a familia, as partes do corpo, os cuartos da casa, as materias de estudo, o material escolar, a música, as películas, o tempo, as urxencias, a comida, os animais, os ordenadores, as viaxes, as profesións, etc.
- Fórmulas e expresións correspondentes ás funcións e temas tratados no curso.

Estrutura e funcións da lingua

- Uso dos verbos to be e have got; there is / there are e dos plurais irregulares (Unidade de introdución)
- Uso do *Present Simple* e das expresións temporais que o acompañan: last night, a week ago, yesterday; there was / there were (Unidade 1)
- O *Present Continuous*, as expresións temporais: now, right now, at the moment; a diferenza entre *Present Simple* e *Present Continuous* (Unidade 2)
- As estruturas there was e there were; o *Past Simple* en afirmativa; as conxuncións and, or, but, because e so (Unidade 3)
- O *Past Simple* en negativa e interrogativa; a conxunción so (Unidade 4)
- Narración de accións que estaban en progreso no pasado: o *Past Continuous* e as expresións temporais que o acompañan: at five o'clock, an hour ago, last night; contraste entre *Past Simple* e *Past Continuous*; when e while; a orde suxeito-verbo (Unidade 5)

- Fórmulas para dar consellos e expresar habilidade en presente e en pasado, obrigación, ausencia da mesma e prohibición, descrición de accións, os modais: can / can't, could / couldn't, must / mustn't, should / shouldn't (en afirmativa, negativa, interrogativa e as respostas breves); o uso dos conectores d secuencia (Unidade 6)
- Os adxectivos comparativos; uso dos artigos e cuantificadores (Unidade 7)
- O futuro inmediato: *be going to* e as expresións temporais que o acompañan: tomorrow, this year, tonight, today, next month; *Present Continuous* con valor de futuro (Unidade 8).
- O futuro con will e as expresións temporais que o acompañan: some day, in the future, next year, one day; o primeiro condicional (Unidade 9)

Fonética

- Alfabeto fonético (Unidade 1).
- Terminacións verbais /s/, /z/ e /iz/ (Unidade 2).
- Pronuncia dos sons /s/, /k/ e os contidos nos verbos know, touch e shirt (Unidade 3).
- A entoación e o ritmo das oracións (Unidade 4).
- Pronuncia das formas débiles de was e were (Unidade 5).
- Pronuncia das formas contraídas dos modais (mustn't, can't, shouldn't) (Unidade 6).
- A acentuación das palabras (Unidade 7).
- Pronuncia dos sons /b/ e /v/ (Unidade 8).
- Pronuncia das formas contraídas 'll e won't (Unidade 9).

Contidos do terceiro curso da ESO

Os contidos preséntanse agrupados en bloques, en relación a tres eixes con características e necesidades específicas en canto ao proceso de ensino e de aprendizaxe:

As habilidades lingüísticas

bloque 1: *Escoitar, falar e conversar*

bloque 2: *Ler e escribir*

Os elementos constitutivos do sistema lingüístico, o seu funcionamento e relacións

bloque 3: *Coñecemento da lingua*

A dimensión social e cultural da lingua estranxeira

bloque 4: *Aspectos socioculturais e conciencia intercultural*

Bloque 1: Escoitar, falar e conversar

Nesta etapa dáselle unha importancia relevante á comunicación oral. Por esa razón o primeiro bloque céntrase en fomentar no alumnado a capacidade para interactuar nestas situacións, incidindo na importancia de que o modelo lingüístico oral de referencia proveña dun variado número de falantes, co fin de recoller as variacións e os matices. De aí a forte presenza no currículo do uso dos medios audiovisuais convencionais e das tecnoloxías da información e da comunicación.

Bloque 2: Ler e escribir

Este bloque incorpora os procedementos necesarios para desenvolver a competencia discursiva no uso escrito.

Bloque 3: Coñecemento da lingua

Permite a elaboración dun sistema conceptual cada vez máis complexo acerca do funcionamento da lingua, a través da observación das manifestacións orais e escritas da lingua que se está aprendendo e do seu uso en situacións de comunicación. O punto de partida serán as situacións que favorezan a inferencia de regras de funcionamento da lingua e que permitan que o alumnado estableza os elementos da lingua estranxeira que se comportan coma nas linguas que coñecen. Do mesmo xeito, terán que establecer estratexias que lles permitan progresar nas súas aprendizaxes, co obxectivo de que afiancen as súas propias capacidades.

Bloque 4: Aspectos socioculturais e conciencia intercultural

Os contidos deste bloque contribúen a que o alumnado coñeza os costumes, formas de relación social, trazos e particularidades dos países nos que se fala a lingua estranxeira.

BLOQUE 1. ESCOITAR, FALAR E CONVERSAR

- Comprensión de instrucións en contextos reais e simulados.
- Audición e comprensión de información xeral e específica de mensaxes cara a cara sobre temas concretos e coñecidos.
- Audición e comprensión de mensaxes sinxelas a través dos materiais audiovisuais do método: *Class Audio CD* e *Welcome to Britain DVD*. O *Class Audio CD* Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais: uso do contexto verbal e non verbal e dos coñecementos previos sobre a situación, identificación de palabras clave, identificación da intención do falante, etc.
- Produción oral de descrições, narracións e explicacións breves con estrutura lóxica e pronuncia adecuada.
- Participación en conversacións e simulacións relacionadas coa linguaxe da clase, expresións para pedir comida, expresións para facer suxestións, expresión de gustos e preferencias, intercambio de información persoal, descrições de imaxes, fórmulas para responder a peticións, comparacións para falar de deportes, expresións para solicitar entradas ou billetes, expresións para falar de feitos e eventos pasados, as emocións, fórmulas para dar consellos e opinións, fórmulas para falar de plans futuros e para facer predicións, expresións para preguntar enderezos, fórmulas para falar de

experiencias pasadas, fórmulas para expresar acordo ou desacordo e descrições de procesos.

- Emprego de respostas espontáneas a situacións de comunicación na aula.
- Uso progresivamente autónomo das convencións máis habituais e propias da conversación en actividades de comunicación reais e simuladas.
- Uso progresivamente autónomo no uso de estratexias de comunicación para resolver as dificultades durante a interacción.

BLOQUE 2. LER E ESCRIBIR

- Identificación do contido de textos escritos sobre os hábitos alimentarios, un artista de grafiti, obxectos extraordinarios nun museo de arte, biografías de artistas famosos, o bossaball, o salto B.A.S.E, unha historia sobre unha moza que conseguiu escapar da escravitude, unha carreira por todo o mundo, algunhas viaxes famosas, a historia dun profesor que non sabía ler nin escribir, a biografía de Eugène-François Vidocq, as impresións dixitais, unha conselleira de moda, un cuestionario sobre moda, a historia dos pantalóns vaqueiros, o cultivo de alimentos no espazo, traxes espaciais para osos de peluche, o sistema solar, datos curiosos sobre as formigas, diferentes medios de transporte, transportes tradicionais en diferentes partes do mundo, un cuestionario sobre a tecnoloxía, a historia do aspirador secador, inventos importantes, etc., todo iso co apoio de elementos verbais e non verbais, e utilizando diferentes estratexias de lectura.
- Comprensión da información xeral e específica de textos escritos, a través de exercicios de predición do contido, completando fichas, elixindo a resposta adecuada, contestando preguntas sobre o texto, clasificando as ideas que aparecen no texto, identificando uns enunciados como verdadeiros ou falsos, etc.
- Relación do vocabulario da unidade coa súa categoría correspondente.
- Lectura autónoma de textos relacionados cos seus intereses.
- Uso de distintas fontes, en soporte papel, dixital ou multimedia, para obter información co fin de realizar actividades individuais ou en grupo.
- Produción guiada de textos sinxelos e estruturados, con algúns elementos de cohesión para marcar con claridade a relación entre ideas e utilizando estratexias básicas no proceso de composición escrita. Nestes textos terán que dar información persoal e escribirán unha crítica dun restaurante, unha descrición pictórica, unha descrición sobre un deporte, unha descrición sobre un lugar, unha crítica cinematográfica, unha redacción sobre unha experiencia pasada, unha redacción sobre predicións para o futuro, un blog sobre unhas vacacións e unha redacción expresando a súa opinión sobre un invento.
- Uso adecuado da coordinación e da subordinación, das maiúsculas e dos signos de puntuación, da orde das palabras en inglés, dos nexos e dos conectores de secuencia, etc.
- Interese pola presentación coidada dos textos escritos, en soporte papel e dixital.

BLOQUE 3. COÑECEMENTO DA LINGUA

Coñecementos lingüísticos:

Léxico / Vocabulario

- Relacionado cos temas tratados: partes do corpo, familia, animais, materias, deportes, roupa, mobiliario, electrodomésticos, a casa, lugares, medios de transporte, alimentos, adxectivos relacionados coa comida, artes, adxectivos relacionados coa arte, material deportivo, adverbios de acción relacionados cos deportes, accidentes xeográficos, adxectivos relacionados cos accidentes xeográficos, emocións, profesións, moda, adxectivos relacionados co mundo da moda, o espazo, lugares, verbos relacionados cos medios de transporte e adxectivos descritivos relacionados coas tecnoloxías.
- Formación e uso de palabras a través de: sufixos, sinónimos, antónimos e elementos morfolóxicos básicos.
- Desenvolvemento de estratexias de aprendizaxe: asociar palabras e descrições cos seus debuxos, fotografías e palabras e expresións coa súa definición, engadir prefixos e sufixos, identificar elementos morfolóxicos básicos, agrupar vocabulario en campos semánticos e relacionar palabras cos seus sinónimos e antónimos.
- Aprendizaxe e práctica de fórmulas e expresións relacionadas co vocabulario de cada unidade.
- Comunicación persoal con falantes da lingua estranxeira a través de correspondencia postal ou utilizando medios informáticos.
- Uso adecuado da coordinación e da subordinación, das maiúsculas e dos signos de puntuación, da orde das palabras en inglés, dos nexos e dos conectores de secuencia, etc.
- Interese pola presentación coidada dos textos escritos, en soporte papel e dixital.

Estrutura e funcións da lingua

- Uso e repaso dos verbos to be e have got; there is / there are e repaso do *Present Simple* e do *Present Continuous*; a linguaxe da clase. (Unidade de introdución)
- Uso dos cuantificadores: a, an, the, some, any, a lot of, many, much, How much... ? e How many...?; os nomes contábeis e incontábeis; a orde do suxeito, o adxectivo e o adverbio na oración. (Unidade 1)
- Narración de actividades habituais e intercambio de información persoal: o *Present Simple*, as expresións temporais: every day, on Sundays, at the weekend; os adverbios de frecuencia: always, often, sometimes, never, usually; fórmulas para falar sobre accións continuas: o *Present Continuous*, as expresións temporais: now, right now, at the moment; a orde dos adxectivos. (Unidade 2)
- Fórmulas para comparar persoas e cousas, e para facer descrições persoais: os adxectivos en grao comparativo e superlativo, (not) as... as, too + adxectivo, (not) + adxectivo + enough; o uso das maiúsculas e dos signos de puntuación. (Unidade 3)

- Narración de feitos pasados: o *Past Simple* e as expresións temporais que o acompañan: last night, a week ago, yesterday; there was / there were; a estrutura do texto. (Unidade 4)
- Narración de accións que estaban en progreso no pasado: o *Past Continuous* e as expresións temporais que o acompañan: at five o'clock, an hour ago, last night; contraste entre *Past Simple* e *Past Continuous*; when e while; as conxuncións and, or, but, because e so. (Unidade 5)
- Fórmulas para dar consellos e expresar habilidade en presente e en pasado, obrigación, ausencia da mesma e prohibición, descrición de accións, os modais: should, must / mustn't, can, could, have to/ don't have to (en afirmativa, negativa, interrogativa e as respostas breves); o uso de pronomes na oración para evitar repeticións. (Unidade 6)
- Expresión de plans, predicións, expresión de intención e posibilidade: o futuro con will, be going to e o *Present Continuous* con valor de futuro e as expresións temporais que os acompañan: tomorrow, soon, next week, in five years; o primeiro condicional; os conectores de secuencia. (Unidade 7)
- Preguntas e respostas sobre feitos que xa acabaron ou que aínda non remataron, sobre feitos recentes e experiencias: o *Present Perfect Simple* e as expresións temporais que o acompañan: ever, just, already, never, yet, for, since; as preposicións de tempo. (Unidade 8).
- Fórmulas para falar de procesos e de accións pasadas: a voz pasiva en presente e en pasado; revisión dos puntos traballados ao longo de todas as unidades para conseguir unha boa expresión escrita. (Unidade 9)

Fonética

- Pronuncia de sons de especial dificultade: /ɪ/ como en biscuit, /i:/ como en beef e /aɪ/ como en spicy (Unidade 1).
- Pronuncia das formas contraídas: 's / is, aren't / are not, hasn't / has not, have / 've. (Unidade 2).
- O acento na oración. (Unidade 3).
- Pronuncia da terminación -ed dos verbos regulares en pasado: /t/, /d/ e /ɪd/. (Unidade 4).
- A entoación e o ritmo das oracións. (Unidade 5).
- Pronuncia dos sons presentes en palabras como could e blue. (Unidade 6).
- A acentuación das palabras. (Unidade 7).
- Pronuncia do son /h/. (Unidade 8).
- Pronuncia das formas débiles de was e were. (Unidade 9).

Contidos para cuarto curso da ESO

Os contidos preséntanse agrupados en bloques, en relación a tres eixes con características e necesidades específicas en canto ao proceso de ensino e de aprendizaxe:

As habilidades lingüísticas

bloque 1: *Escoitar, falar e conversar*
bloque 2: *Ler e escribir*

Os elementos constitutivos do sistema lingüístico, o seu funcionamento e relacións
bloque 3: *Coñecemento da lingua*

A dimensión social e cultural da lingua estranxeira
bloque 4: *Aspectos socioculturais e conciencia intercultural*

Bloque 1: Escoitar, falar e conversar

Nesta etapa dáselle unha importancia relevante á comunicación oral. Por esa razón o primeiro bloque céntrase en fomentar no alumnado a capacidade para interactuar nestas situacións, incidindo na importancia de que o modelo lingüístico oral de referencia proveña dun variado número de falantes, co fin de recoller as variacións e os matices. De aí a forte presenza no currículo do uso dos medios audiovisuais convencionais e das tecnoloxías da información e da comunicación.

Bloque 2: Ler e escribir

Este bloque incorpora os procedementos necesarios para desenvolver a competencia discursiva no uso escrito.

Bloque 3: Coñecemento da lingua

Permite a elaboración dun sistema conceptual cada vez máis complexo acerca do funcionamento da lingua, a través da observación das manifestacións orais e escritas da lingua que se está aprendendo e do seu uso en situacións de comunicación. O punto de partida serán as situacións que favorezan a inferencia de regras de funcionamento da lingua e que permitan que o alumnado estableza os elementos da lingua estranxeira que se comportan coma nas linguas que coñecen. Do mesmo xeito, terán que establecer estratexias que lles permitan progresar nas súas aprendizaxes, co obxectivo de que afiancen as súas propias capacidades.

Bloque 4: Aspectos socioculturais e conciencia intercultural

Os contidos deste bloque contribúen a que o alumnado coñeza os costumes, formas de relación social, trazos e particularidades dos países nos que se fala a lingua estranxeira.

BLOQUE 1. ESCOITAR, FALAR E CONVERSAR

- Uso dos obxectivos da unidade para interaccionar co profesor/a e cos compañeiros/as.
- Comprensión do significado xeral e específico de charlas sinxelas sobre temas coñecidos e presentados de forma clara e organizada.

- Comprensión da comunicación interpersonal, co fin de contestar no momento.
- Comprensión xeral e dos datos máis relevantes de textos informativos e descritivos sobre a acumulación de lixo en contornos naturais, o roubo de obras de arte, os cómics e a súa influencia nos hábitos de lectura, as características físicas e funcionais do corazón, o quecemento global, a influencia dos teléfonos móbiles na comunicación interpersonal, etc.; artigos de xornal, críticas, cuestionarios, etc.
- Comprensión de mensaxes sinxelas a través dos materiais audiovisuais do método: *Class Audio CD*, CD-ROM do alumno e *Welcome to Britain DVD*.
- Producción oral de descrições, narracións e explicacións sobre experiencias, acontecementos e contidos diversos.
- Participación activa en conversacións e simulacións co compañeiro/a para presentarse, falar de gustos e preferencias, falar de experiencias pasadas, facer predicións, expresar intencións, etc.
- Comprensión e produción oral do vocabulario da unidade para relacionalo coas fotografías ou ilustracións correspondentes, dar definicións, clasificalo correctamente, etc.
- Emprego de respostas espontáneas e precisas a situacións de comunicación na aula.

BLOQUE 2. LER E ESCRIBIR

- Identificación do contido de textos escritos, sobre a acumulación de lixo en contornos naturais, o roubo de obras de arte, os cómics e a súa influencia nos hábitos de lectura, as características físicas e funcionais do corazón, o quecemento global, a influencia dos teléfonos móbiles na comunicación interpersonal, etc.; artigos de xornal, crítica, cuestionarios, etc., co apoio de elementos verbais e non verbais e utilizando diferentes estratexias de lectura.
- Identificación da intención do emisor da mensaxe.
- Comprensión da información xeral e específica de textos escritos, a través de exercicios de predición do contido, completando fichas, elixindo a resposta adecuada, contestando preguntas sobre o texto, clasificando as ideas que aparecen no texto, identificando uns enunciados como verdadeiros ou falsos, etc.
- Consolidación de estratexias de lectura xa utilizadas e consolidadas.
- Lectura autónoma de textos relacionados cos seus intereses.
- Uso de distintas fontes, en soporte papel, dixital ou multimedia, para obter información co fin de realizar actividades individuais ou en grupo.
- Composición guiada de textos sinxelos e estruturados, con algúns elementos de cohesión para marcar con claridade a relación entre ideas e utilizando estratexias básicas no proceso de composición escrita. Nestes textos terán que dar información persoal, darán datos persoais, narrarán unha historia ou evento, etc.
- Uso con certa autonomía do rexistro apropiado ao lector ao que vai dirixido o texto.
- Reflexión sobre o proceso de escritura con especial atención á revisión de borradores.
- Comunicación persoal con falantes da lingua estranxeira a través de correspondencia postal ou utilizando medios informáticos.

- Uso adecuado da coordinación e da subordinación, das maiúsculas e dos signos de puntuación, da orde das palabras en inglés, dos nexos e dos conectores de secuencia, etc.
- Interese pola presentación coidada dos textos escritos, en soporte papel e dixital.
- Elaboración de distintos proxectos e tarefas para os que se utilizarán distintas fontes, en soporte papel, dixital ou multimedia, para obter a información.

BLOQUE 3. COÑECEMENTO DA LINGUA

Coñecementos lingüísticos:

Léxico / Vocabulario

- Relacionado cos temas tratados: partes do corpo, animais, a casa, medios de transporte, roupa e complementos, deportes e competicións deportivas, alimentos, lugares, animais, profesións, xeografía, viaxes, expedicións, delitos, medicamento, o ambiente, emocións, a comunicación interpersoal.
- *False friends* e a tradución á lingua propia.
- Fórmulas e expresións relacionadas coas funcións lingüísticas mencionadas vistas no seguinte apartado.
- Desenvolvemento de estratexias de aprendizaxe: asociar palabras e descrições cos seus debuxos, fotografías e palabras e expresións coa súa definición, identificar elementos morfolóxicos básicos, agrupar vocabulario en campos semánticos.
- Aprendizaxe e práctica de fórmulas e expresións relacionadas co vocabulario de cada unidade.
- Comunicación persoal con falantes da lingua estranxeira a través de correspondencia postal ou utilizando medios informáticos.
- Uso adecuado da coordinación e da subordinación, das maiúsculas e dos signos de puntuación, da orde das palabras en inglés, dos nexos e dos conectores de secuencia, etc.
- Interese pola presentación coidada dos textos escritos, en soporte papel e dixital.

Estrutura e funcións da lingua

- Uso e repaso do *Present Simple* e do *Present Continuous* e das expresións temporais que os acompañan (unidade de introdución).
- Narración de feitos pasados: o *Past Simple* e as expresións temporais que o acompañan: *last night*, *a week ago*, *yesterday*; *used to*; o *brainstorming* (unidade 1).
- Narración de accións que estaban en progreso no pasado: o *Past Continuous* e as expresións temporais que o acompañan: *at five o'clock*, *an hour ago*, *last night*; contraste entre *Past Simple* e *Past Continuous*; escoller as ideas máis relevantes antes de empezar a escribir (unidade 2).
- Preguntas e respostas sobre feitos que xa acabaron ou que non remataron aínda, sobre feitos recentes e experiencias: o *Present Perfect Simple* e as expresións temporais que o acompañan: *already*, *never*, *ever*, *just*, *already*, *never*, *yet*, *for*, *since*; expresar feitos pasados relacionados co presente;

contraste *Past Simple / Present Perfect Simple*; importancia da frase introdutoria dun texto (unidade 3).

- Describir procesos e cambios. A voz pasiva en presente e en pasado e as expresións temporais que a acompañan. Ampliar a idea principal no corpo do parágrafo evitando a información innecesaria (unidade 4)
- Fórmulas para facer predicións e expresar intencións. O futuro con *will*, *be going to* e o *Present Continuous* con valor de futuro e as expresións temporais que o acompañan: *today*, *usually*, *often*, *last year*, *yesterday*, *in the past*; o primeiro e segundo condicional; escribir un bo final que resuma a idea principal (unidade 5).
- Fórmulas para expresar opinións e/ou ideas e transmitilas. O estilo indirecto; o uso de pronomes na oración para evitar repeticións; as conxuncións *and*, *but*, *because*, *so* e *or* (unidade 6).
- Fórmulas para expresar posibilidade e certeza. Describir e identificar persoas, lugares e cousas. Os pronomes relativos nas oracións especificativas; os pronomes indefinidos compostos a partir de *some* e *any*; os conectores de secuencia *first*, *then*, *next*, *after (that)*, *before*, *later* e *finally* (unidade 7).
- Expressar posibilidade, probabilidade, obrigaón e certeza. Facer recomendacións. Os modais: *can*, *could*, *must*, *mustn't*, *should*, *have to*, *may*, *might* (unidade 8).
- Expressar preferencias. Facer comparacións. Os adxectivos en grao comparativo e superlativo; (not) *as ... as / too ... / (not) ... enough* (unidade 9).

Fonética

- A acentuación das palabras (unidade 1).
- A entoación das oracións (unidade 2)
- Pronuncia das formas contraídas *'ve* e *'s* (unidade 3).
- Pronuncia das formas débiles de *was* e *were* (unidade 4)
- Pronuncia das formas contraídas *'ll*, *I'd* e *won't* (unidade 5).
- A entoación das oracións compostas (unidade 5).
- Pronuncia dos sons /θ/, /ð/. (unidade 6).
- Pronuncia dos sons /æ/ e /ʌ/. (unidade 7).
- A acentuación das palabras nas oracións; pronuncia das formas contraídas *couldn't*, *musn't*, *can't*, *shouldn't*, *mightn't* (unidade 8).
- O ritmo das oracións; pronuncia das formas débiles de *as*, *than* e *the*. (unidade 9).

CRITERIOS DA AVALIACIÓN PARA A ESO

1. Comprender a información xeral e a específica, a idea principal e algúns detalles relevantes de textos orais sobre temas concretos e coñecidos, e de mensaxes sinxelas emitidas con claridade por medios audiovisuais.

2. Participar en conversacións e simulacións breves, relativas a situacións habituais ou de interese persoal e con diversos fins comunicativos, utilizando as convencións propias da conversación e as estratexias necesarias para resolver as dificultades durante a interacción.

Os intercambios comunicativos poderán presentar algunhas incorreccións que non dificulten a comunicación.

3. Comprender a información xeral e todos os datos relevantes de textos escritos auténticos e adaptados, de extensión variada, diferenciando feitos e opinións e identificando no seu caso, a intención comunicativa do autor.
4. Redactar de forma guiada textos diversos en diferentes soportes, coidando o léxico, as estruturas, e algúns elementos de cohesión e de coherencia para marcar a relación entre ideas e facelos comprensíbeis ao lector.
9. Usar as tecnoloxías da información e da comunicación de forma progresivamente autónoma para buscar información, producir textos a partir de modelos, enviar e recibir mensaxes de correo electrónico, e para establecer relacións persoais orais e escritas, mostrando interese polo seu uso.

MINIMOS EXIXIBLES NA ESO

Descríbiráanse os contidos mínimos exixibles curso por curso.

1º ESO

Vocabulary	Grammar	Listening	Speaking	Writing
Countries and nationalities Family	Personal Pronouns To be Question words	Personal information	Introductions	Personal profile
Routine Activities	Present Simple Frequency adverbs	Talking about routines	Talking about routines and activities	A Survey
Animals Parts of the body	Present Simple	Describing an animal	Exchanging information	An animal riddle
The house	Present Continuous	Making plans	Talking about current actions	A picture description
Food and drink	There is/There are	Planning a meal	Expressing likes and dislikes	A restaurant review
Sport Verbs	Can/can't Must/mustn't	Talking about sports	Talking about abilities	Sports rules
Places Prepositions of place	Past:to be	Talking about the weekend	Talking about past events	A description of a place
Clothes	Past Simple	Choosing	Going	En e-mail

		clothes	shopping	
Transport	Be going to	Planning a holiday	Buying a ticket	A holiday plan

2° ESO

Vocabulary	Grammar	Listening	Speaking	Writing
subjects School items	Present Simple	Expressing likes and dislikes	Expressing preferences	An e-mail
Verbs parts of the body	Present Continuous	Describing people	Describing actions	A cartoon description
Music ,adjectives	There was/There were	Music preferences	Talking about the past	A description of a past event
Films and books	Past Simple	Describing a film	Comparing past and present	A book review
Weather emergencies	Past Continuous	A weather report	Describing the weather	A narrative
Food	Modals	Making suggestions	Planning a party	A recipe
Adjectives,animals	Comparatives	A museum tour	Making comparisons	A report
Computers,travel items	Be going to	Discussing computers	Discussing plans	A postcard
Jobs and personality	Will future	Discussing the future	Making predictions	A life prediction

3° ESO

Vocabulary	Grammar	Listening	Speaking	Writing
Food and drink	Quantifiers	Making decisions	Ordering food	A restaurant review
Jobs, School items	Present simple/continuous	A museum tour	Asking for information	Description of a picture
Sport	Comparison of adjectives	Making requests	Responding to requests	A description of a sport
Geographical features	Past Simple	Describing a trip	Ordering tickets	A description of a place
Emotions, jobs	Past Continuous	Past experiences	Talking about emotions	A film review
Fashion adjectives	Modals	Discussing fashion	Giving advice	A narrative
Space verbs	Future tenses	Making plans	Predictions	A prediction
Places,transport	Present Perfect	Getting directions	Asking for directions	A holiday blog
Household items	Passive tenses			

4° ESO

Vocabulary	Grammar	Listening	Speaking	WRiting
Places,travel	Past Simple, used to	Planning a holiday	Getting around	An e-mail
Clothes and fashion	Past Continuous	Police interview	Talking about the past	A newspaper article
Books,films	Present Perfect	Discussing preferences	Agreeing and disagreeeing	A book review
Materials, medicine	The Passive	Describing items	Discussing an object	A report
The environment	Future tenses	Talking about the future	Making predictions	An opinion
Competitions	REported Speech	Reporting an event	Espressing an opinion	A blog entry
Animals,Countries	Relative pronouns	Reaching an agreement	Expressing possibility	A narrative
Travelling	Modals	TV explorers	Making decisions	A diary entry
Emotions,music	Comparison	Discussing feelings	Expressing preferences	A description

AVALIACIÓN E PROMOCIÓN

A avaliación será continua . Os criterios de avaliación das materias serán referente fundamental para valorar tanto o grao de adquisición das competencias básicas coma o de consecución dos obxectivos.

Valórarase moi positivamente o esforzo diario do alumno e tamén as actitudes e non só as aptitudes.

Serán promovidos ao curso seguinte cando se superaron os obxectivos das materias cursadas ou se teña avaliación negativa en dúas materias como máximo e repetirse curso con avaliación negativa en tres ou máis materias.

Co fin de facilitarlle ao alumnado a recuperación das materias con avaliación negativa, organizaranse probas extraordinarias en cada un dos cursos.

PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL NA ESO

Nas primeiras dúas semans do curso, fárase a todos os alumnos da ESO una proba inicial.

Esta proba consistirá dun Diagnosis Test que a súa vez terá catro partes.

- Vocabulary
- Grammar
- Writing
- Listening

Mediante esta proba o profesor poderá verificar o nivel de competencia lingüística de cada alumno e tomas as medidas que necesarias.

PLANES DE TRABAJO PARA A SUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES NA ESO

Os alumnos que teñan materias pendentes na ESO serán atendidos e guiados polo profesor que lle imparta a materia no curso actual.

Os alumnos con a materia de inglés pendente, recibirán traballo do seu profesor para a superación da asignatura do curso anterior.

O profesor da clase daralle quincenalmente fotocopias de repaso que e vixiará que o alumno as faga e devolva no prazo de tempo estipulado.

Tamen o profesor terá moi en conta o traballo do alumno no curso actual: dado que a lingua e un continuo, o alumno que traballe no curso actual estará a realizar un repaso moi exhaustivo da materia de curso anterior, feito que lle axudará a hora das probas.

Faranse tres probas parciais da materia para os alumnos pendentes: coincidentes coas tres avaliacións. O alumno que aprobe os parciais non terá a obriga de presentarse ao examen final de Xuño.

Despois se fara unha proba da asignatura completa en Xuño para aqueles alumnos que non acaden a nota 5 facendo a media dos tres parciais.

O exámen constará de catro partes, puntuando cada unha de elas o 25 % da nota final.

-vocabulary

-grammar

-reading

-writing

PROGRAMAS ESPECIFICOS PARA O ALUMNADO REPETIDOR NA ESO

Os alumnos repetidores terán un seguimento pro parte do profesor titor e o profesor que lle imparta clase no curso actual, de modo que, colaborando con a súas familias, se podan reforzar os aspectos máis deficitarios que mostran no aprendizaxe.

Aos alumnos repetidores fáraselles un plan de estudos e repaso, utilizando para isto as seccións de repaso e de ampliación do Students' Book con exercicios acumulativos que se poden completar con exercicios do Extra Practice y Extension do Teacher's book.

1º E 2º DE BACHARALATO

ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO DAS MATERIAS PENDENTES NO BAC

Os alumnos con a materia de inglés pendente, recibirán traballo do seu profesor para a superación da asignatura do curso anterior.

O profesor da clase daralle semanalmente fotocopias de repaso que e vixiará que o alumno as faga e devolva no prazo de tempo estipulado.

Tamen o profesor terá moi en conta o traballo do alumno no curso actual: dado que a lingua e un continuo, o alumno que traballe no curso actual estará a realizar un repaso moi exhaustivo da materia de curso anterior, feito que le axudará a hora das probas.

Faranse dúas probas parciais da materia para os alumnos pendentes: unha en Nadal e outra en Marzo. Farase unha proba da asignatura completa en Maio.

O profesor terá moi en conta o traballo que estea a realizar o alumno coa asignatura pendente no curso actual: se o traballo é satisfactorio, eso redundará na cualificación da asignatura pendente e lle axudará a aprobala.-

1º DE BACHARALATO

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A nota de cada avaliación será a media do exame de avaliación(60%), os exercicios de redacción(10%), de listening(10%),de speaking(10%) e a valoración que o profesor/a fará do traballo o diario de cada un(10%). Controlarase que os alumnos fagan os exercicios do Workbook que lles asigne o profesor/a .

O exame de avaliación consta de tres partes: vocabulary, grammar, reading comprehension. Evalúase sobre 10.

- Os exercicios de redacción serán un mínimo de un por lección, con data fixa de entrega, e evaluaranse de forma cualitativa, non numérica, como “D” (Insuficiente), “C” (Suficiente/Ben), “B” (Notable) y “A” (Sobresainte)
- Os exercicios de listening serán igualmente de un por lección como mínimo. Evaluaranse sobre 10.
- Os exercicios de speaking faranse na hora de desdoble o una clase normal de non haber desdoble. Evaluaranse sobre 10.
- O workbook correxirase todos los días que teñan mostar feitos exercicios nel.
- A nota final será a media das notas acadadas o longo do curso. O ser o inglés una materia acumulativa, entenderase que o alumno que aprobé a terceira avaliación terá recuperadas calquera outra avaliación que podera ter suspensa e aprobara a asignatura.

.Temporalización:

- . 1ª Avaliación: Setembro, Outubro, Novembro e Nadal Temas- 1, 2 y 3 do libro de texto
- . 2ª Avaliación: Nadal, Xaneiro, Ferbreiro, Marzo- Temas 4, 5 y 6 do libro de texto
- . 3ª Avaliación: Marzo, Abril, Maio e Xuño Temas- 7, 8 y 9. do libro de texto.
- . Examen final: Somente o farán aqueles alumnos que non aprobaran as tres avaliacións

. Convocatoria extraordinaria de Septiembre: Constará de catro partes.

-Grammar -30%

-Vocabulary-10%

-Reading Comprehension 30%

-Writing. 30%

METODOLOXÍA DIDÁCTICA

A metodoloxía didáctica para 1º de BAC artículase arredor dos seguintes principios.

- Ensinar a lingua estranxeira co fin de que o alumno/a logre comunicarse e desenvolverse con éxito, no plano oral e no escrito, de xeito natural.
- Profundar no desenvolvemento das estratexias de aprendizaxe para que poida enfrontarse con éxito a situacións reais de comunicación.
- Conseguir que entenda o funcionamento do sistema lingüístico e reflexione sobre o mesmo comparándoo coa súa lingua materna, para alcanzar un bo nivel de comunicación.
- Profundar no sistema fonético, nas funcións gramaticais e no vocabulario, de modo que poida recoñecelos e empregarlos en situacións reais de comunicación.
- Fomentar a expresión das ideas e puntos de vista persoais do alumno para crear unha comunicación real.

- Desenvolver e dominar de forma integrada as catro destrezas básicas: *listening, speaking, reading e writing*.
- Ofrecerlle todas as facilidades posíbeis para que amplíe os seus coñecementos sobre os aspectos socioculturais da lingua inglesa e asimile a cultura da que forma parte, evitando así que exprese os seus logros só en termos morfosintácticos e funcionais.
- Espertar nel a responsabilidade de conseguir a autonomía na súa aprendizaxe, recoñecendo os métodos de estudo e o tipo de organización que máis lle conveñan.
- Motivalo con temas de interese e ofrecerlle unhas metas claras ao longo do curso.
- Fomentar a autoavaliación como ferramenta imprescindible para conseguir un progreso eficaz na aprendizaxe

A meta é que un alumno ó finalizar o 1º BAC sexa competente na maior parte de capacidades lingüísticas expresadas no nivel B1, é dicir, un usuario independente que:

- é capaz de comprender os puntos principais de textos claros e en lingua estándar se tratan sobre cuestións que lle son coñecidas, xa sexa en situacións de traballo, de estudo ou de lecer;
- sábese desenvolver na maior parte das situacións que poden xurdir durante unha viaxe por zonas onde se utiliza a lingua;
- é capaz de producir textos sinxelos e coherentes sobre temas que lle son familiares ou nos que ten un interese persoal;
- pode describir experiencias, acontecementos, desexos e aspiracións, así como xustificar brevemente as súas opinións ou explicar os seus plans.

CONTIDOS XERAIS DE 1º BACHARALATO

BLOQUE 1. ESCOITAR, FALAR E CONVERSAR:

Escoitar e comprender:

- Comprensión do significado xeral e específico de exposicións orais sobre temas concretos e con certa abstracción dentro do campo de interese xeral e académico do alumnado.
- Comprensión xeral e específica de mensaxes transmitidas polos medios de comunicación e emitidas en lingua estándar.
- Comprensión da comunicación interpersoal sobre temas de uso cotián, de interese xeral e temas abstractos, co fin de contestar no momento.
- Utilización de estratexias para comprender e inferir significados non explícitos, para captar as ideas principais.
- Toma de conciencia da importancia de comprender globalmente unha mensaxe, sen necesidade de entender todos e cada un dos elementos da mesma.

Falar e conversar:

- Planificación do que se quere dicir e de como expresalo, usando recursos variados para facilitar a comunicación e mecanismos para dar coherencia e cohesión ao discurso.

- Producción oral de mensaxes diversas sobre asuntos relacionados cos seus intereses e presentacións preparadas previamente sobre temas xerais ou da súa especialidade, con razoábel corrección gramatical e unha adecuada pronuncia, ritmo e entoación.
- Expresión de puntos de vista sobre un tema coñecido, participación en discusións e debates sobre temas actuais, ofrecendo información detallada, utilizando exemplos adecuados, defendendo os seus puntos de vista con claridade e mostrando unha actitude respectuosa e crítica ante as contribucións alleas.
- Participación en conversacións con certo grao de fluidez, naturalidade e precisión, sobre temas variados, utilizando estratexias para participar e manter a interacción.

BLOQUE 2. LER E ESCRIBIR:

Comprensión de textos escritos:

- Predición de información, a partir de elementos textuais e non textuais en textos escritos sobre temas diversos.
- Comprensión de información xeral, específica e detallada en xéneros textuais diversos. Identificación das ideas principais e secundarias.
- Identificación do propósito comunicativo, dos elementos textuais e paratextuais e da forma de organizar a información
- Identificación de elementos de referencia e de palabras de enlace en textos, co fin de captar a súa cohesión e a súa coherencia.
- Comprensión de posturas e puntos de vista en artigos e informes referidos a temas concretos de actualidade.
- Lectura autónoma de textos diversos relacionados cos seus intereses académicos, persoais e profesionais futuros, utilizando distintas estratexias de lectura segundo o texto e a finalidade que se persiga e apreciando este tipo de lectura como forma de obter información, ampliar coñecementos e de pasalo ben.

Composición de textos escritos:

- Planificación do proceso de elaboración dun texto, utilizando mecanismos de organización, articulación e cohesión do texto.
- Redacción de textos sobre temas persoais, actuais ou de interese académico, con claridade, razoábel corrección gramatical e adecuación léxica ao tema, utilizando o rexistro apropiado
- Redacción de cartas, tanto informais coma cun certo grao de formalidade, utilizando os elementos de enlace adecuados.
- Ordenación lóxica de frases e parágrafos co fin de compoñer un texto coherente, utilizando os elementos de enlace adecuados. .
- Interese pola produción de textos escritos claros e comprensíbeis, cunha estrutura adecuada, atendendo a diferentes necesidades e intencións comunicativas.

BLOQUE 3. COÑECEMENTO DA LINGUA:

Coñecementos lingüísticos:

- Ampliación do campo semántico e léxico sobre temas xerais de interese para o alumnado e relacionados con outras materias do currículo.
- Formación de palabras, a partir de prefixos, sufixos e palabras compostas.

- Revisión e ampliación das estruturas gramaticais e funcións principais adecuadas a distintos tipos de texto e intencións comunicativas.
- Uso do alfabeto fonético para mellorar a súa pronuncia de forma autónoma.
- Produción e interpretación de diferentes patróns de acentuación, ritmo e entoación, necesarios para a expresión e comprensión de distintas actitudes e sentimentos.

Reflexión sobre a aprendizaxe:

- Recoñecemento das variedades de uso da lingua: diferenzas entre a linguaxe formal e informal, falada e escrita.
- Uso autónomo de recursos diversos para a aprendizaxe: dixitais e bibliográficos.
- Aplicación de estratexias para revisar, ampliar e consolidar o léxico e as estruturas lingüísticas.
- Análise e reflexión sobre o uso e o significado de diferentes estruturas gramaticais, mediante comparación e contraste coas súas propias.
- Reflexión e aplicación de estratexias de autocorrección e autoavaliación para progresar na aprendizaxe autónoma da lingua.
- Recoñecemento do erro como parte do proceso de aprendizaxe.
- Interese por aproveitar as oportunidades de aprendizaxe tanto dentro coma fóra da aula, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.
- Valoración da confianza, iniciativa e cooperación para a aprendizaxe de linguas.

BLOQUE 4. ASPECTOS SOCIOCULTURAI E CONCIENCIA INTERCULTURAL:

- Coñecemento e valoración dos elementos culturais máis relevantes.
- Reflexión sobre as similitudes e as diferenzas significativas entre costumes, comportamentos, actitudes, valores ou crenzas que prevalecen entre falantes da lingua estranxeira e da propia.
- Uso de rexistros adecuados ao contexto, ao interlocutor e á intención comunicativa, á canle de comunicación, ao soporte, etc.
- Interese por establecer intercambios comunicativos e por coñecer informacións culturais dos países onde se fala a lingua estranxeira.
- Valoración da lingua estranxeira como medio de comunicación e de entendemento entre pobos, facilitador do acceso a outras culturas, a outras linguas e como enriquecemento persoal.
- Recoñecemento da importancia da lingua estranxeira como medio para acceder a coñecementos que resulten de interese para o futuro académico e profesional do alumno/a.

O ensino da Lingua estranxeira no bacharelato terá como obxectivo o desenvolvemento das seguintes capacidades:

1. Expresarse e interactuar oralmente de forma espontánea, comprensíbel e respectuosa, con fluidez e precisión, utilizando estratexias adecuadas ás situacións de comunicación.
2. Comprender a información global e a específica de textos orais e seguir o argumento de temas actuais emitidos en contextos comunicativos habituais e polos medios de

comunicación.

3. Escribir diversos tipos de textos de forma clara e ben estruturados, nun estilo adecuado aos lectores aos que van dirixidos e á intención comunicativa.
 4. Comprender diversos tipos de textos escritos de temática xeral e específica e interpretalos criticamente utilizando estratexias de comprensión adecuadas ás tarefas requiridas, identificando os elementos esenciais do texto e captando a súa función e organización discursiva.
 5. Ler de forma autónoma textos con fins diversos adecuados aos seus intereses e necesidades, valorando a lectura como fonte de información, pracer e lecer.
 6. Utilizar os coñecementos sobre a lingua e as normas de uso lingüístico para falar e escribir de forma adecuada, coherente e correcta, para comprender textos orais e escritos, e reflexionar sobre o funcionamento da lingua estranxeira en situacións de comunicación.
 7. Adquirir e desenvolver estratexias de aprendizaxe diversas, empregando todos os medios ao seu alcance, incluídas as tecnoloxías da información e da comunicación, co fin de utilizar a lingua estranxeira de forma autónoma e para seguir progresando na súa aprendizaxe.
 8. Coñecer os trazos sociais e culturais fundamentais da lingua estranxeira para comprender e interpretar mellor culturas distintas á propia e a lingua obxecto de aprendizaxe.
